



ACTA NÚM. 02/2016 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO O DÍA 01 DE MARZO DO 2016.

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás quince horas e trinta minutos do día primeiro de marzo do ano dous mil dèzaseis, reúnen-se a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, co obxecto de levar a efecto sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (P.P.).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ. (P.P.).
- D. JACOBO ALONSO IGLESIAS. (P.P.).
- D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE).

Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36114 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Asiste tamén a Interventora da Entidade D^a. M^a Dolores Miguélez Casás.
Actúa como Secretario Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día:

1. ACTA Nº 01/2016 DE DATA 05-01-2016.

Non habéndose formulado observación algunha a acta número 01/2016 de data 05-01-2016, considéranse aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

2. EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2016.

A presidencia le a proposta da Alcaldía Pedanía, de data 4 -2-2016, que e do teor seguinte:

“a) No exercizo 2016 recibíronse as seguintes facturas correspondentes a gastos efectuados en exercizos anteriores:

FACTURA	DATA	FORNECEDOR	IMPORTE	CONCEPTO
L/1558	30/12/15	GESTEM ASESORES	100,90	Asesoría laboral do mes de decembro
FE15321188546542	24/11/15	GAS NATURAL SERVICIOS SDG	155,27	Subministro enerxía eléctrica novembro
FE15321190865664	21/12/15	GAS NATURAL SERVICIOS SDG	114,70	Subministro enerxía eléctrica decembro
FE15321181608294	26/08/15	GAS NATURAL SERVICIOS SDG	159,19	Subministro enerxía eléctrica xullo
FE15321176545629	18/06/15	GAS NATURAL SERVICIOS SDG	115,82	Subministro enerxía eléctrica xuño
01151111398947	27/11/15	GAS NATURAL SUR SDG	26,93	Subministro enerxía eléctrica novembro
F2015 1270	31/12/15	JOMERO SL	15,77	Materiais reparacións
F2015 1220	15/12/15	JOMERO SL	113,78	Materiais reparacións
			802,36	

b) Con data 31.07.2015 recibíuse a factura A/150037 de 26.05.2015 emitida por VICPOR SERIGRAFIA por importe de 514,25 euros correspondente a traballos de serigrafía para a “Festa do Neno 2014”.

Tendo en conta que no Orzamento para o exercizo 2016 (prorrogado de 2012) existe crédito adecuado e suficiente para a aprobación das citadas facturas e considerando que na súa tramitación se cumpren os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (art. 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o art. 50 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro e art. 448 do Real Decreto Lex. 781/86, de 18 de abril) e visto, asimesmo, o informe de Intervención de data 4 de febreiro en sentido favorable, coas observacións mencionadas no mesmo, propónse a adopción do seguinte acordo:

1)Apròba-lo recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2016, por importe total de 1.041,60 euros, correspondente a gastos realizados en exercizos pechados, que non se imputaron ó correspondente exercizo, por non terse remitida a factura polo proveedor no exercizo correspondente.

2)Que tal recoñecemento de crédito sexa con cargo ás partidas do orzamento vixente, por existir neste, crédito non comprometido para o recoñecemento extraxudicial das facturas indicadas, sen menoscabo do bo funcionamento dos servizos.

3)Que a aprobación destes gastos dé lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xeneren.”



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a proposta da alcaldía pedanía anteriormente transcrita resultando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

3. SOLICITUDE AO CONCELLO DO PORRIÑO RELATIVA A ANOMALÍAS NAS CARRETEIRAS MUNICIPAIS QUE DESCORREN POLA PARROQUIA DE CHENLO.

A Presidencia expón que os fortes temporais sufridos ultimamente en Galicia produciron derrubas de muros sobre as carreteras municipais que descorren pola parroquia de Chenlo, concretamente nos lugares de filgueiras, Pumariño, Ladreira, Quinta, Abas e Parada, que poden crear problemas e poñer e risco e perigo a os usuarios das mesmas.

Polo exposto esta Xunta Veciñal por unanimidade acorda:

Solicitar o Concello do Porriño que, a maior urxencia posible, tomen as medidas oportunas ao respecto.

4. RATIFICACIÓN DO ACORDO DE ADQUISICIÓN DO VEHÍCULO 4X4, NISSAN NAVARA 2.5 DCI.

A presidencia da conta para a súa ratificación da Resolución da Alcaldía Pedanía, de data 1-9-2015, que do teor seguinte:

“Aprobación da factura presentada pola mercantil ROFERVIGO SL co CIF nº B36893220, pola adquisición de vehículo NISSAN NAVARA 4x4 para servizos forestais:

Nº Fra.	Data	Concepto	Importe
3500334	17/09/2015	vehículo	21.756,81

De conformidade co disposto nos artigos 111 e 138.3 do T.R. da Lei de Contratos do Sector Público, aprobada polo R.D. Lex. 3/2011, de 14 de novembro, nos que se regulan os contratos menores, foi adxudicado o subministro do vehículo mediante resolución da alcaldía – pedanía de 01.09.2015.

Polo exposto, visto o informe favorable de Intervención e de conformidade coas potestades que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO:

- 1.- Autorizar o gasto, recoñecendo a obriga de pagamento a favor do acreedor citado.*
- 2.- Aprobar a acta de recepción do subministro.*

O manda e asina o Sr. Alcalde pedáneo Manuel Alejandro Lorenzo Alonso en Chenlo a vintedós de setembro de dous mil quince.”

Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a ratificación da resolución da alcaldía pedanía anteriormente transcrita resultando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

5. SOLICITUDE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTYVEDRA SOBRE REVISIÓN E CORRECCIÓN DOS TRABALLOS QUE SE ESTÁN A REALIZAR CON MOTIVO DO ENSANCHE E MELLORA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2404 ACCESO A CHENLO (O PORRIÑO).

A Presidencia en relación co asunto epigrafiado expón o seguinte:



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Por mor da execución do proxecto da obra da Deputación Provincial de Pontevedra denominada "ENSANCHE E MELLORA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2420 ACCESO A CHENLO (O ORRIÑO)", estase a asfaltar a devandita estrada provincial E.P. 2404, desde Canadelo á Igrexa de Chenlo, na parroquia de Chenlo do concello do Porriño.

O devandito asfaltado executouse de maneira satisfactoria ao comezo da estrada (en Canadelo) pero non no remate dos últimos 300 metros, ata igrexa parroquial de Chenlo.

A falta de asfaltado ata o final do antigo asfaltado, a entrada as vivendas e a diferenza de niveis entre a carreteira e futuros beiravías dificultan a entrada as vivendas, entorpecen a circulación e afectan a seguridade vial, provocando unha queixa e protesta dos veciños afectados que chegou a esta Entidade e da que nos facemos eco para trasladarlle á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra .

Polo exposto propón a esta Xunta Veciñal adopte o seguinte ACORDO:

SOLICITAR á Excma. Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra que se dean as ordenes e instrucións oportunas para que por que corresponda, se revisen os traballos que se están a realizar na devandita execución e se corrixa e executen de maneira homoxénea en toda a súa extensión da carreteira, en aras de que non se vexa prexudicado todos os usuarios, veciñanza en xeral e os demais afectados así como a seguridade vial, e que se inste á empresa que executou as obras para que faga a correspondente limpeza dos restos sobrantes das mesmas.

Que este a cordo se traslade ao Concello do Porriño para que este pida á Excma Deputación Provincial de Pontevedra que atendan a devandita queixas dos veciños do Porriño.

Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a proposta anteriormente transcrita resultando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

6. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PEDANÍA.

A Presidencia le e dá conta da relación sucinta de resolucións ditadas pola Alcaldía Pedanía, desde o día 30-12-2015 ata o día 23-02-2016, quedando a Xunta enterada.

2. CONTROL POLÍTICO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

- A) MOCIÓN. (non se presentan)
- B) ROGOS E PREGUNTAS. (non se formulan).

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as quince horas e cincuenta e cinco minutos do día ut supra. Dou fe.

